



Resolución do presidente da Fundación Pública Galicia Europa pola que se convoca o proceso selectivo para o ingreso no grupo I, asesor/a técnico/a II (604PND05), de persoal laboral fixo da Fundación Galicia Europa.

A Fundación Pública Galicia Europa (en diante, FGE) nace en 1988 coa misión de manter unha oficina galega en Bruxelas e promover o achegamento entre Galicia e Europa. Na actualidade, conta con dúas oficinas, unha en Santiago de Compostela e outra en Bruxelas.




A FGE é unha fundación de interese galego que, desde 2010, forma parte do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia como entidade instrumental. Na actualidade está adscrita á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, cuxo titular preside o seu Padroado, o seu órgano de goberno e administración, e está vinculada á Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, como órgano superior da Administración autonómica de apoio, asistencia e asesoramento á persoa titular desta Consellería en todas as actuacións sobre relacións coa Unión Europea, con competencias no seguimento das actuacións da FGE, a súa coordinación técnica e seguimento da súa xestión, e cuxo director xeral ostenta a dirección da FGE.

No seu catálogo de postos de traballo, a oficina de Bruxelas conta con 4 postos, un dos cales está cuberto con carácter de interinidade (ANUNCIO de convocatoria para cubrir un posto de traballo con carácter interino dunha praza de asesor/a técnico/a para a oficina de Bruxelas, publicado en DOG Núm. 75, do 18 de abril de 2018).

O Decreto 198/2024, do 27 de decembro, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024 (DOG Núm. 251, do 31 de

FUNDACIÓN GALICIA EUROPA

Rúa do Hórreo, 61
15706 Santiago de Compostela
fundacion.galicia.europa@xunta.gal
santiago@fundaciongaliciaeuropa.eu

 [@FGaliciaEuropa](#)
 in.com/fundacion-galicia-europa
 fundaciongaliciaeuropa.eu



decembro de 2024), recolle no seu ANEXO V unha praza para a FGE, pertencente ao grupo e categoría I, Titulado/a superior, denominado *Asesor/a técnico/a II (604PND05)*, a cubrir mediante a quenda xeral de acceso libre. A este proceso seranlle de aplicación os criterios xerais previstos no artigo 6 do devandito decreto, sen prexuízo das especificidades que se poidan establecer nesta convocatoria.

En virtude dos estatutos da FGE (artigo 20 d), corresponde ao Padroado, aprobar as bases dos procesos selectivos do persoal laboral, de acordo coa normativa vixente en materia de función pública e orzamentos que lle foron elevadas polo director da FGE (artigo 26.1 n).

De conformidade coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, considerando a delegación de facultades outorgada polo Padroado da Fundación Pública Galicia Europa mediante acordo adoptado o 11 de novembro de 2025, **o presidente aproba as bases e a convocatoria para a provisión definitiva do posto de traballo Asesor/a técnico/a II.**

Esta resolución pon fin á vía administrativa e, contra ela, as persoas interesadas poderán presentar recurso potestativo de reposición ante o propio órgano convocante, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou impugnala directamente ante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela

O presidente do Padroado da Fundación Galicia Europa
Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes,

Diego Calvo Pouso



BASES

I. Normas xerais.

I.1. Obxecto da convocatoria

A FGE convoca o proceso selectivo, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso oposición, para a cobertura dunha praza da entidade instrumental do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia, Fundación Pública Galicia Europa.

O obxecto do proceso selectivo será cubrir unha (1) praza do grupo I denominada *asesor/a técnico/a II (604PND05)*, persoal laboral fixo da Fundación Pública Galicia Europa, con destino na sede de Bruxelas, correspondente á oferta de emprego público do exercicio 2024.

Descrición da praza

Posto/categoría	Grupo	Titulación requirida	Nº de prazas	Localización do posto
Asesor/a técnico/a II (604PND05)	I	Título universitari o oficial de licenciado ou graduado universitari o B2 inglés	1	Oficina FGE Bruxelas

* Perfil profesional do posto ofertado en Anexo I

I.1.1. O sistema selectivo será o de concurso-oposición e axustarase aos criterios xerais do artigo 6 do mencionado Decreto 198/2024, do 27 de decembro.

Nos termos do artigo 116 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, ao presente proceso selectivo



seralle de aplicación o Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TRLEBEP), a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, e demais normas concordantes, así como o disposto nesta convocatoria.

I.2. Requisitos das persoas aspirantes.

Para ser admitidas aos procesos selectivos as persoas aspirantes deberán posuír, o día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manter ata o momento no que se formalice o contrato como persoal laboral fixo, os seguintes requisitos:

I.2.1. Idade: ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.

I.2.2. Nacionalidade:

a) Ter a nacionalidade española.

b) Ser nacional dalgún dos Estados membro da Unión Europea.

c) Ser nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais subscribidos pola Unión Europea e ratificados por España, sexa aplicable a libre circulación de persoas traballadoras.

d) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, os cónxuxes dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito. Nas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e as/os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.

I.2.3. Titulación: estar en posesión ou en condición de obter o día da publicación do anuncio desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) do título universitario oficial de licenciado ou graduado universitario, ou título universitario



superior equivalente homologado polo Ministerio español de Educación.

Para os efectos desta convocatoria, o termo de equivalente entenderase referido exclusivamente as titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, viñeron substituír ás titulacións extinguidas.

I.2.4. Capacidade funcional: posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das funcións ou tarefas propias do posto de traballo no momento da formalización do contrato e incorporación ao mesmo.

I.2.5. Habilitación: non ser separada/o, nin despedida/o, mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal laboral do cal a persoa foi separada ou inhabilitada.

No suposto de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin ser sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia, o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

I.2.6. **Requisito específico** (art. 50.2 da lei 2/2015, do 29 de abril): con independencia dos requisitos relacionados anteriormente, as persoas aspirantes acreditarán o coñecemento e dominio do idioma **inglés**, mediante título oficial acreditativo do nivel **B2** do Marco Común Europeo de Referencia para as linguas.

- Lingua inglesa: Nivel Intermedio B2 da Escola Oficial de Idiomas ou Cambridge First Certificate in English ou o nivel B2 nas titulacións de Education Testing Services (TOEFL e TOEIC), APTIS, Capman Testing Solutions 360 LPT, Oxford Test of English B, The European Language Certificates (TELC), University of Michigan, Trinity College de Londres, London Test of English (LTE), Pearson Test of English, Learning Resource Network, Anglis ESOL Examination Xeral e LanguageCert International ESOL.



1.2.7. Non poderán participar no proceso selectivo as persoas que xa son persoal laboral fixo desta categoría de grupo I a Fundación Galicia Europa.

I.3 Solicitudes e dereitos de exame

I.3.1 O prazo para presentar as solicitudes será de vinte (20) días hábiles, que se contarán a partir do seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

Dentro do prazo que se sinala no parágrafo anterior, as persoas aspirantes deberán presentar a súa solicitude por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/tramites-y-servicios/solicitud-xenerica>), mediante o código do procedemento PR004A (Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado) e o destinatario será a FUNDACIÓN GALICIA EUROPA (Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes). No cadro "Asunto relacionado" do citado formulario PR004A deberá indicarse "Solicitude para a participación no proceso selectivo para a praza de asesor/a técnico/a II (604PND05)". A solicitude irá acompañada **do formulario sinalado como anexo I**, recollido ao final do presente documento e que tamén se atopa dispoñible no portal web corporativo <https://fundaciongaliciaeuropa.eu/>, **así como da documentación complementaria necesaria**.

Debido á formación académica esixida ás persoas participantes neste proceso, considérase que teñen acceso e dispoñibilidade suficiente dos medios electrónicos necesarios para realizar todos os trámites electrónicamente neste procedemento, de acordo co establecido no artigo 14.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e nos artigos 10.2 e 10.3 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Neste sentido, e en conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente,



requirirase para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que foi realizada a emenda.

Para a presentación electrónica das solicitudes, poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e firma admitidas pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Co fin de facer fronte aos gastos de realización do presente proceso selectivo, as persoas aspirantes deberán ingresar 44,17 euros en concepto de dereitos de exame na conta bancaria IBAN **ES90 2080 0388 2130 4000 0023**.

Estarán exentas do pago:

Do importe total:

- As persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%.
- As persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial.

Do 50% do importe:

- As persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría xeral.
- As persoas que figuren como demandantes de emprego desde, polo menos, os seis meses anteriores á data da convocatoria das probas selectivas en que soliciten a súa participación e non estean a percibir prestación ou subsidio por desemprego.

Para beneficiarse desta exención, os solicitantes deberán declarar as circunstancias particulares nas que se atopen:

- As persoas aspirantes que sexan membros de familias numerosas deberán indicalo na súa solicitude, e acreditalo mediante copia auténtica ou orixinal do título de familia numerosa de carácter xeral ou especial ou carné familiar en que conste este carácter, segundo se trate.

- Os aspirantes deberán indicar no modelo de solicitude se figuran como demandantes de emprego desde, polo menos, os seis meses anteriores á data da convocatoria das probas selectivas en que soliciten a súa participación e non estean a percibir prestación ou subsidio por desemprego, e acreditalo da seguinte forma:
 - o 1º. Certificación expedida pola oficina de emprego na que conste que a persoa aspirante figura como demandante de emprego desde polo menos seis meses anteriores á data de publicación do anuncio desta convocatoria no portal web corporativo da Fundación Galicia Europa.
 - o 2º. Certificación do Servizo Público de Emprego Estatal na que conste que na data de presentación da solicitude de participación no proceso selectivo non está a percibir a prestación ou o subsidio por desemprego.
- As persoas aspirantes cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, deberán indicalo expresamente na solicitude especificando o grao de discapacidade recoñecido polo órgano competente, e acreditalo mediante o certificado de discapacidade.

I.4. Admisión de aspirantes.

I.4.1. Unha vez expirado o prazo de presentación de solicitudes, o director da Fundación Galicia Europa aprobará as listaxes provisionais de persoas aspirantes admitidas e excluídas a través dunha resolución cuxo anuncio de exposición será publicado no seu portal web, con indicación dos seus apelidos, nome e catro cifras numéricas aleatorias do documento nacional de identidade, e das causas das exclusións que procedan. Estas listaxes publicaranse no portal web corporativo da Fundación Galicia Europa (<http://www.fundaciongaliciaeuropa.eu/>) .

I.4.2. As persoas aspirantes excluídas dispoñerán dun prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da devandita publicación do devandito anuncio no portal web, para poder corrixir, no seu caso, o defecto que motivou a exclusión.



A estimación ou desestimación da devandita petición de correccións entenderanse implícitas nunha nova resolución da Fundación Galicia Europa pola que se aprobarán as listaxes definitivas de persoas aspirantes admitidas e excluídas. Estas listaxes publicaranse no portal web corporativo fundaciongaliciaeuropa.eu.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando da documentación que deben presentar tras superar o proceso selectivo se desprenda que non posúen algún dos requisitos, as persoas aspirantes decaerán en todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación.

II. Proceso selectivo.

II.1. Fase de oposición.

A fase de oposición consistirá na realización dos exercicios que se enumeran a continuación e coa forma e sistema de cualificación descritas nestas bases. Esta fase pesará un 60% no conxunto do proceso de selección; en concreto, **90 puntos sobre un total de 150.**

O programa que rexerá as probas selectivas é o que figura como anexo II a de estas bases e que consta dunha parte xeral e unha parte específica. Teranse en conta as normas de dereito positivo relacionadas co contido do programa que, con data límite da data de publicación no portal web corporativo da Fundación Galicia Europa do nomeamento do tribunal, contén con publicación oficial no boletín ou diario correspondente, aínda que a súa entrada en vigor estea diferida a un momento posterior.

As normas de dereito positivo relacionadas co contido do programa que figura no anexo II e que fosen derogadas parcial ou totalmente, serán automaticamente substituídas por aquelas que procedan á súa derogación parcial ou total, con data límite da data de publicación no portal web corporativo da Fundación Galicia Europa do anuncio da exposición destas bases e a convocatoria na páxina web da FGE.



II.1.1. Exercicios.

As probas da oposición consistirán na superación dos seguintes exercicios, todos eles eliminatorios e obrigatorios, que se celebrarán nunha única xornada, no lugar concreto e ás horas que se fixen por parte do tribunal e que se publicarán no portal web corporativo da Fundación Galicia Europa (<http://www.fundaciongaliciaeuropa.eu/>) cun prazo mínimo de antelación 48 horas.

As probas da fase de oposición realizaranse en Santiago de Compostela e en Bruxelas, a elección da persoa aspirante, que deberá indicar na súa solicitude a opción elixida, no apartado «Sede na que realizará os exames». Unha vez presentada a súa solicitude, a persoa aspirante non poderá examinarse nunha sede distinta da indicada nela.

O tribunal cualificador poderá desenvolver e especificar os criterios de valoración e cualificación dos exercicios. En tal caso, estes criterios faranse públicos na páxina web (<http://www.fundaciongaliciaeuropa.eu/>), con antelación á realización dos mesmos, para coñecemento dos aspirantes.

As persoas aspirantes deberán indicar na súa solicitude, no apartado «Idioma do exame», se o texto dos exercicios deberá entregarse en idioma galego ou en idioma castelán. Unha vez realizada a opción e presentada a súa solicitude, a persoa aspirante non poderá modificar esta opción elixida.

Non se permitirá o uso de ningún material de apoio durante os exames.

II.1.1.1. Primeiro exercicio.

Consistirá en contestar por escrito un cuestionario de cincuenta **(50) preguntas tipo test**, relacionado co anexo II do programa. As preguntas terán catro (4) respostas alternativas propostas polo tribunal, das que só unha delas será a correcta.

O exercicio dividirase en dúas partes:



A primeira parte consistirá en contestar por escrito un cuestionario de contido teórico de dez (10) preguntas da parte xeral. O exercicio disporá de dúas (2) preguntas de reserva. Nesta primeira parte será necesario obter un mínimo de catro (4) respostas correctas.

A segunda parte consistirá en contestar por escrito un cuestionario de contido teórico de corenta (40) preguntas da parte específica. O exercicio disporá de catro (4) preguntas de reserva. Nesta segunda parte será necesario obter un mínimo de quince (15) respostas correctas.

Cada resposta correcta equivale a un punto. As respostas en branco non penalizan nin puntúan. As respostas incorrectas descontarán 0,25 puntos.

As preguntas adicionais de reserva serán valoradas só no caso de que se anule algunha das preguntas do exercicio.

O tempo máximo de duración deste exercicio será de noventa minutos (90) minutos.

O tribunal adoptará as medidas oportunas para garantir que os exercicios tipo test da fase de oposición sexan corrixidos sen que se coñeza a identidade dos/as aspirantes. Cando finalicen os exercicios tipo test entregarase a cada aspirante a folla autocopiativa do seu exame. Publicarase o contido do exercicio e as respostas correctas no portal web corporativo fundaciongaliciaeuropa.eu.

O exercicio cualificarase de 0 a 50 puntos, resultante da suma de ambas as partes. Superarán este exercicio as dez (10) persoas aspirantes que teñan mellor puntuación, sempre que se supere o mínimo de 4 e 15 puntos establecidos para cada parte.

II.1.1.2. Segundo exercicio

Consistirá na realización dun **caso práctico (a elixir entre dúas opcións), con 4 preguntas sobre os contidos da parte específica do temario. O exercicio disporá dunha (1) pregunta de reserva.**

O tempo máximo de duración deste exercicio será de cento vinte (120) minutos.



O exercicio cualificarase de 0 a 40 puntos. Cada pregunta terá un valor máximo de dez (10) puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de vinte (20) puntos.

A pregunta adicional de reserva será valorada só no caso de que se anule algunha das preguntas do exercicio.

O tribunal cualificará este exercicio valorando os coñecementos, a claridade, a orde de ideas, rigor analítico e calidade da expresión escrita.

II.1.1.3 Proba de coñecemento da lingua galega.

II.1.1.3.1. A proba será obrigatoria e eliminatoria para as persoas aspirantes que non acrediten estar en posesión ou en condicións de obter o día da publicación do anuncio da convocatoria no portal web corporativo da Fundación Galicia Europa o nivel de coñecemento da lingua galega Celga 4.

A proba consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de sesenta (60) preguntas tipo test, con catro (4) respostas alternativas das cales só unha (1) delas será a correcta, máis tres (3) de reserva, mediante o cal se evidencie o coñecemento da lingua galega.

O exercicio terá unha duración de sesenta (60) minutos.

O cuestionario deberá obrigatoriamente recoller contidos relacionados cos niveis funcionais da lingua: léxico, sintáctico e gramatical, correspondentes ao nivel do Celga 4 requirido no proceso selectivo.

As preguntas adicionais de reserva serán valoradas só no caso de que se anule algunha das preguntas do exercicio.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto e será necesario para superalo obter o resultado de apto. Corresponderá á comisión de selección determinar o número de respostas correctas esixido para conseguir o resultado de apto.



Ao cabo da proba cada persoa aspirante poderá obter copia das súas respostas.

No prazo das vinte e catro (24) horas seguintes publicaranse o contido do exercicio e as respostas correctas no portal web da Fundación Galicia Europa (<http://www.fundaciongaliciaeuropa.eu/>) .

II.1.1.4.2. Estarán exentas de realizar este exercicio as persoas aspirantes que acrediten, no prazo de dez (10) días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación no portal web da Fundación Galicia Europa das listaxes provisionais de persoas aspirantes admitidas e excluídas, que posuían antes do día de finalización do prazo de presentación de solicitudes de participación no proceso selectivo, o Celga 4 ou equivalente debidamente homologado, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro).

II.1.2. Desenvolvemento dos exercicios.

II.1.2.1. A orde de actuación das persoas aspirantes será por orde alfabética e iniciarase por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra F, de conformidade co establecido na Resolución do 21 de xaneiro de 2025, pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 16, de 24.01.2025).

II.1.2.2. As persoas aspirantes deberán presentarse a cada exercicio provistas de NIF, NIE, pasaporte, permiso de condución ou outro documento fidedigno que a xuízo do tribunal acredite a súa identidade.

II.1.2.3. A sede para a realización dos exercicios será Santiago de Compostela e Bruxelas, segundo a opción manifestada na solicitude. Os exercicios realizaranse a porta pechada sen outra asistencia que a das persoas aspirantes, os membros do tribunal



e as persoas designadas pola Fundación Galicia Europa como colaboradoras.

Todos os exercicios e probas da fase de oposición celebraranse nunha única xornada, en virtude dos principios de axilidade e simplificación dos procesos selectivos, contemplados no artigo 6.1 A) do Decreto 198/24, do 27 de decembro, e o artigo 49 h) da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, que o contempla xunto ao principio de eficiencia no desenvolvemento dos procesos selectivos.

II.1.2.4. En calquera momento as persoas aspirantes poderán ser requiridas polo tribunal coa finalidade de acreditar a súa identidade.

II.1.2.5. O chamamento para cada exercicio será único, de xeito que as persoas aspirantes que non comparezan serán excluídas do concurso-oposición.

En todo caso, para garantir a unidade do acto, será requisito imprescindible realizar o exercicio anterior para poder realizar o seguinte e non serán tidas en conta causas de forza maior ou calquera outra causa para emendar a súa non comparecencia.

Con todo, as mulleres embarazadas que prevexan a coincidencia do parto coas datas de realización de calquera dos exercicios polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación, ou eventualmente nos primeiros días do puerperio, poderán poñelo en coñecemento do tribunal, anexando á comunicación o correspondente informe médico oficial que acredite esta situación. A comunicación deberá realizarse dentro das corenta e oito (48) horas seguintes ao anuncio da data do exame e non supón o consentimento da interesada para permitir o acceso do tribunal ou do órgano convocante aos datos médicos necesarios relacionados coa súa situación.

O tribunal acordará se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo, aprazala ou adoptar ambas as medidas conxuntamente. Contra tal acordo non caberá recurso, sen prexuízo de que as razóns da impugnación se inclúan en calquera outro recurso admisible de acordo coas regras xerais do proceso selectivo.



II.1.2.6. O anuncio de realización dos exercicios publicarase no portal web corporativo fundaciongaliciaeuropa.eu, con corenta e oito (48) horas, polo menos, de antelación á sinalada para o seu inicio.

II.1.2.7. Se o tribunal, de oficio ou con base nas reclamacións que as persoas aspirantes poden presentar nos tres (3) días hábiles seguintes á realización do exercicio, anulase algunha ou algunhas das súas preguntas ou modifícase o modelo de corrección de respostas, publicarao no portal web corporativo fundaciongaliciaeuropa.eu.

II.1.2.8. **As puntuacións obtidas polas persoas aspirantes no primeiro exercicio publicaranse no portal web corporativo da Fundación Galicia Europa fundaciongaliciaeuropa.eu.** Só se publicarán as puntuacións do segundo exercicio das persoas que superasen o primeiro, así como a superación ou non da proba de coñecemento da lingua galega, no seu caso.

Concederase un prazo de cinco (5) días hábiles para os efectos de alegacións, que se contarán desde o día seguinte ao da publicación no portal web da FGE da resolución do tribunal pola que se fan públicas as puntuacións de cada exercicio.

II.1.2.9. En calquera momento do proceso selectivo, se o tribunal ten coñecemento ou dúbidas fundadas de que algunha persoa aspirante non cumpre algún dos requisitos esixidos nesta convocatoria, comunicarallo á Fundación Galicia Europa para que esta lle requira os documentos acreditativos do seu cumprimento. No caso de que a persoa aspirante non acredite o cumprimento dos requisitos, a Fundación Galicia Europa propondrá a súa exclusión do proceso selectivo ao órgano convocante, que publicará a resolución que corresponda.

II.1.2.10. Para respectar os principios de publicidade, transparencia, obxectividade e seguridade xurídica que deben rexer no acceso ao emprego público, o tribunal establecerá e informará as persoas aspirantes, con anterioridade á realización dos exercicios, dos criterios de corrección, valoración e superación que non estean expresamente establecidos nas bases desta convocatoria.



No caso de que o tribunal acorde parámetros para a cualificación do exercicio, en desenvolvemento dos criterios de valoración previstos nesta convocatoria, aqueles difundiranse con anterioridade á realización do exercicio.

II.1.2.11. As persoas aspirantes que non superen a fase de oposición resultarán eliminadas do proceso selectivo.

II.2. Fase de concurso.

De acordo co establecido no artigo 56.3 da Lei 2/2015, do 29 de abril, a valoración da fase de concurso non excede do corenta por cento da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo. Neste caso, o concurso terá unha puntuación máxima de 60 **sobre o total de 150.**

Finalizada a fase de oposición, **no prazo de 10 días hábiles desde a publicación no portal web da FGE polo tribunal das notas do último exercicio, as persoas aspirantes que superasen a fase de oposición deberán presentar a documentación acreditativa relativa á fase de concurso,** que irá dirixida á Fundación Galicia Europa a través da Sede electrónica da Xunta de Galicia. Non se terán en conta os méritos que non se presenten conforme este procedemento.

A fase de concurso consistirá na valoración ás persoas aspirantes que superaron a fase de oposición dos seguintes méritos, debidamente acreditados:

II.2.1.1. Experiencia profesional

Experiencia profesional acreditada relacionada co posto, entendida como os servizos prestados en institucións e organismos da UE, en oficinas de representación rexional en Bruxelas ou outras entidades no ámbito da xestión e divulgación de asuntos europeos.

Para estes efectos, consideraranse servizos efectivos os prestados na situación de servizos especiais e de excedencia para o coidado de fillos/as e familiares (artigos 168 e 176 da LEPG), e a excedencia por razón de violencia de xénero de conformidade co establecido no artigo 177 da LEPG.



Para este fin, calcularase o número total de días correspondentes aos distintos nomeamentos computables e dividirase o resultado entre trinta (30). O cociente enteiro, desprezando os decimais, multiplicarase por 0,20 puntos.

Computarase a prestación de servizos en réxime de interino (25.4 da LEPG) e en réxime de persoal laboral temporal (27.4 da LEPG) e do persoal laboral indefinido non fixo.

Os servizos efectivos prestados en xornadas inferiores á completa valoraranse proporcionalmente.

A puntuación máxima deste epígrafe é de **10 puntos**.

II.2.1.2. Permanencia na categoría:

Calcularase o número total de días correspondentes aos servizos continuados e ininterrompidos no grupo I de persoal laboral da Fundación Galicia Europa, e dividirase o resultado entre trinta (30). O cociente enteiro, desprezando os decimais, multiplicarase por 0,40 puntos.

A puntuación máxima deste epígrafe é de **40 puntos**.

II.2.1.3. Formación.

Valorarase a seguinte formación, sempre que sexa impartida por entidades educativas oficiais e se dispoña de certificado oficial:

- Licenciatura ou grao no ámbito do Dereito, Ciencias Económicas ou Ciencias Políticas, que se acreditará mediante o título universitario oficial de licenciado ou graduado universitario, ou título universitario superior equivalente homologado polo Ministerio español de Educación. Para os efectos desta convocatoria, o termo de equivalente entenderase referido exclusivamente as titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, viñeron substituír ás titulacións extinguidas.

As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente

validación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación do título. Este requisito non será de aplicación ás persoas aspirantes que obtivesen o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao amparo das disposicións de dereito da Unión Europea.

Outorgarase un (1) punto aos candidatos que conten con algunha das titulacións indicadas. Non se concederá puntuación adicional aos candidatos que acrediten máis dunha titulación.

- Mestrado universitario en Dereito Europeo ou Asuntos Europeos, que se acreditará mediante un título oficial emitido por unha universidade. Outorgarase dous (2) puntos aos candidatos que conten con algunha das titulacións indicadas. Non se concederá puntuación adicional aos candidatos que acrediten máis dun mestrado.
- Prácticas relacionadas co posto, que se acreditarán mediante o correspondente certificado de aproveitamento. Outorgarase 0,10 puntos por cada mes de prácticas ata un máximo de tres (3) puntos,.
- Coñecemento de lingua inglesa: outorgarase 1 punto para o nivel C1 ou 2 puntos para o nivel C2. Valorarase só o nivel de coñecemento máis alto que acredite o candidato. Deberá acreditarse co correspondente certificado oficial (Escola Oficial de Idiomas, Certificados da Universidade de Cambridge, de Education Testing Services (TOEFL e TOEIC), APTIS, Capman Testing Solutions 360 LPT, The European Language Certificates (TELC), University of Michigan, Trinity College de Londres, London Test of English (LTE), Pearson Test of English, Learning Resource Network, Anglis ESOL Examination Xeral e LanguageCert International ESOL).
- Coñecemento de lingua francesa: outorgarase 0,5 puntos para o nivel B2 e 1 punto para o nivel C1. Valorarase só o nivel de coñecemento máis alto que acredite o candidato. Deberá acreditarse co correspondente certificado oficial (Escola Oficial de Idiomas ou DALF).



A puntuación máxima deste epígrafe é de **10 puntos**.

II.2.2. O tribunal procederá á baremación da fase de concurso, coa colaboración técnica que precise do persoal da Fundación Galicia Europa, e publicaráa no seu portal web corporativo, con indicación da puntuación obtida por cada aspirante. Contra a baremación, as persoas aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamación ante o propio tribunal no prazo de dez (10) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación no portal web da FGE da devandita baremación.

Á vista das reclamacións presentadas e realizadas, no seu caso, as oportunas correccións á baremación inicialmente asignada a cada aspirante, o tribunal procederá á publicación no portal web corporativo da Fundación Galicia Europa da baremación definitiva da fase de concurso.

II.3. Puntuación final

A cualificación do proceso e a orde de prelación das persoas aspirantes virá dado pola suma das puntuacións obtidas nas fases de oposición e na fase de concurso.

No suposto de empate nas puntuacións de dúas ou máis aspirantes acudirase por orde aos seguintes criterios ata que se resolva:

- Puntuación obtida no primeiro exercicio da fase de oposición.
- Puntuación obtida no segundo exercicio da oposición.
- Puntuación outorgada polos méritos alegados na fase de concurso seguindo a orde establecida nos diferentes epígrafes da base II.2.
- Orde alfabética recolleita na base II.1.2.1.

En último lugar, o empate dirimirase por sorteo entre as persoas implicadas.

Non poderá superar o proceso selectivo un número de persoas superior ao de prazas convocadas. Con todo, para asegurar a cobertura das vacantes, se se producen renuncias das persoas seleccionadas antes do seu nomeamento ou toma de posesión, o órgano convocante poderá requirir unha relación complementaria das persoas que sigan por puntuación ás propostas. Para estes

efectos, terán a mesma consideración que as renuncias os supostos das persoas aspirantes que dentro do prazo fixado, excepto os casos de forza maior, non presenten a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos ou do seu exame deducíse que carecen dalgún deles e que, en consecuencia, non poidan ser nomeadas persoal laboral.

III. Lista de persoas aprobadas, presentación de documentación e nomeamento do persoal laboral

III.1. Superación do proceso selectivo e presentación de documentación.

Unha vez finalizado o proceso selectivo, o tribunal publicará na páxina web da FGE a relación de persoas aspirantes por orde de puntuacións obtidas, con indicación do seu documento nacional de identidade ou equivalente. **Na mesma resolución propondrá o nomeamento como persoal laboral fixo á persoa que obtivese a maior puntuación no proceso selectivo.**

O órgano de selección poderá declarar deserta a praza no caso de que ningunha candidatura obteña a puntuación mínima necesaria.

Á persoa aspirante seleccionada en primeiro lugar ofertaráselle a incorporación ao posto correspondente, que deberá aceptar expresamente no prazo de 3 días hábiles desde a súa comunicación. Se transcorrido este prazo non presenta esta aceptación do posto, ou se a persoa candidata renunciase á oferta, serán chamadas sucesivamente as seguintes aspirantes, segundo a orde de cualificacións obtidas.

As persoas candidatas que non fosen incorporadas pasarán a constituír unha bolsa de emprego temporal que se poderá utilizar para posibles contratacións para un posto igual ou análogo.

A partir do día seguinte ao da publicación na páxina web da relación de puntuacións das persoas que participaron no proceso selectivo e a proposta de nomeamento da persoa que supera o



proceso, esta dispoñerá dun prazo de vinte (20) días hábiles para a presentación dos seguintes documentos:

A) Fotocopia compulsada do título esixido na base I.2 ou certificación académica que acredite realizar todos os estudos para a súa obtención. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá presentar credencial da súa validación ou homologación ou ben a credencial de recoñecemento da titulación para exercer a profesión.

B) Declaración baixo a súa responsabilidade de non ser separada, nin despedida, mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo do que foi separada ou inhabilitada, nin pertencer ao mesmo corpo ou escala, segundo o modelo que figura como anexo III a esta convocatoria.

No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitada ou en situación equivalente, nin ser sometida a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no Estado de procedencia, o acceso ao emprego público nos mesmos termos, segundo o modelo que figura como anexo IV desta convocatoria.

C) Informe sobre o estado de saúde que acredite que a persoa aspirante non padece enfermidade nin está afectada por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

D) As persoas aspirantes cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33% que superen o proceso selectivo deberán, ademais, acreditar tal condición mediante certificación dos órganos competentes da Consellería de Política Social e, no seu caso, da Administración correspondente. Poderán autorizar á Administración á devandita consulta mediante solicitude expresa remitida xunto co resto da documentación.



As persoas aspirantes estarán exentas de xustificar documentalmente as condicións e demais requisitos xa probados ante a FGE en procesos anteriores.

III.2. Non presentación da documentación

As persoas aspirantes que, dentro do prazo fixado, excepto os casos de forza maior, non presentasen a documentación, ou do exame dela se deducira que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base I.2, non poderán ser nomeadas persoal laboral e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na solicitude inicial.

III.3. Formalización do contrato

Unha vez acreditada a posesión dos requisitos esixidos, a persoa seleccionada formalizará coa FGE o correspondente contrato, suxeito ao Convenio de Oficinas e Despachos da provincia da Coruña.

No contrato de traballo establecerase o período de proba que corresponda conforme ao disposto na normativa aplicable. De non superarse o mesmo, e previa rescisión do contrato, o posto poderase ofertar ás seguintes persoas da lista definitiva, sen necesidade de abrir un novo proceso de selección.

IV. Tribunal

IV.1. Nomeamento e composición

O tribunal do proceso será nomeado por resolución do órgano convocante, e a súa composición será a determinada polo previsto no artigo 59 da LEPG, artigo 60 do TRLEBEP e artigo 48 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade e o Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

IV.2. Abstención e recusación.

As persoas que formen parte do tribunal deberán absterse de intervir cando concorran nelas circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, no artigo 59.2 da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia, ou nas instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección aprobadas por Resolución do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 11 de abril de 2007, e no Acordo adoptado no Consello da Xunta do 8 de abril de 2010. A concorrencia de calquera das devanditas causas deberá ser comunicada á Fundación Galicia Europa.

A presidencia deberá solicitar ás restantes persoas que formen parte do tribunal e, no seu caso, ao persoal asesor previsto na base III.9 e ao persoal auxiliar que incorpore aos seus traballos, unha declaración expresa de non atoparse incursos en ningunha das circunstancias reflectidas no parágrafo anterior.

En todo caso, as persoas aspirantes poderán recusar aos integrantes do tribunal cando concorra neles algunha das circunstancias referidas no parágrafo primeiro conforme ao establecido no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.



A autoridade convocante publicará no portal web corporativo da Fundación Galicia Europa a orde correspondente pola que se nomee aos novos integrantes do tribunal, que substituirán aos que perdesen a súa condición por algunha das causas previstas na base anterior.

IV.3. Sesión de constitución.

A sesión de constitución deberá realizarse nun prazo máximo de quince (15) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do nomeamento do tribunal. Na devandita sesión o tribunal adoptará todas as decisións que lle corresponda para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo.

IV.4. Actuación do tribunal

A partir da sesión de constitución, a actuación válida do tribunal requirirá a **concorrenza da metade, polo menos, dos seus membros, con presenza en todo caso das persoas que ostenten os cargos de presidente e secretario, ou quen os substitúa.**

O procedemento de actuación do tribunal axustarase en todo momento ao disposto nestas bases, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, nas instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección e ao resto do ordenamento xurídico.

Por cada sesión do tribunal **levantarase unha acta** que, lida ao principio da sesión seguinte e feitas, no seu caso, as rectificacións que procedan, será autorizada coa sinatura da persoa que ostente a secretaría e o visto e prace da persoa que ostente a presidencia.

IV.5. Incorporación de asesores

O tribunal poderá propoñer a incorporación aos seus traballos de persoal asesor para as valoracións que considere pertinentes, quen deberá limitarse a colaborar nas súas especialidades técnicas e terán voz pero non voto. O seu nomeamento corresponderalle ao director da Fundación Galicia Europa.

IV.6. Medidas para aspirantes con discapacidade.

O tribunal adoptará as medidas precisas naqueles casos en que resulte necesario para que as persoas aspirantes con discapacidades gocen de similares condicións para realizar os exercicios que os restantes participantes. A tal fin, estableceranse para as persoas con discapacidades que o soliciten na forma prevista na base I.3 as adaptacións de tempo e/ou medios que sexan necesarias.

Se durante a realización do proceso selectivo o tribunal ten dúbidas sobre a capacidade da persoa aspirante para o desempeño das funcións propias do corpo ou escala á que opta, poderá solicitar o ditame do órgano competente.

IV.7. Categoría do tribunal

O tribunal terá a categoría primeira das recollidas no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia. Para os efectos do previsto no devandito decreto, entenderase que a designación do tribunal cualificador realizada segundo o disposto na base IV.1 implicará a autorización da orde de servizo para que os seus membros poidan desprazarse ao lugar acordado para cada unha das sesións convocadas dentro do número máximo autorizado.

A Fundación Galicia Europa determinará o número máximo de sesións autorizado ao tribunal e poderá amplialo baseándose en causas xustificadas.

IV.8. Acordos do tribunal

O tribunal non poderá propoñer o acceso ao emprego público dun número superior de persoas aprobadas ao de prazas convocadas. Calquera proposta de persoas aprobadas que contraveña o establecido será nula de pleno dereito, tendo en conta o previsto na base II.3.

Os acordos adoptados polo tribunal do proceso poderán ser obxecto de recurso de alzada ante a persoa titular da consellería



competente en materia de función pública nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

IV.9. Comunicación co tribunal

As comunicacións que formulen as persoas aspirantes ao tribunal dirixiranse á Fundación Galicia Europa a través da sede electrónica da Xunta de Galicia.

ANEXO I

PROCEDEMIENTO							DOCUMENTO		
Proceso selectivo para o ingreso no grupo I, asesor/a técnico/a II (604PND05), de persoal laboral fixo da Fundación Galicia Europa							SOLICITUDE		
DATOS DA PERSOA SOLICITANTE									
NOME		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF			
TIPO	NOME DA VÍA			NÚMERO	BLOQUE	PISO	PORTA		
PARROQUIA				LUGAR					
CÓDIGO POSTAL		PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE			
TELÉFONO 1		TELÉFONO 2		CORREO ELECTRÓNICO					
FAMILIA NUMEROSA		<input type="checkbox"/> De carácter especial <input type="checkbox"/> De carácter xeral		DISCAPACITADO/A		Porcentaxe		DEMANDANTE DE EMPREGO <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	
E, NA súa REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)									
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF			
DATOS PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN									



Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse soamente por medios electrónicos a través do sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, <https://notifica.xunta.gal>
Soamente poderase acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365
Enviaranse avisos da posta ao dispor da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a continuación e que se poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal :

TELÉFONO MÓBIL

CORREO ELECTRÓNICO

DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA

Copia do DNI

Documentación que acredita a titulación (punto I.2.3)

Documentación que acredita o nivel de inglés (punto I.2.6)

Documentación que acredita o pago dos dereitos de exame (I.3.1) ou documentación acreditativa da exención ou redución do seu importe (discapacidade, familia numerosa, demandante de emprego)

OUTRA DOCUMENTACIÓN

Título Celga 4 para acreditar a exención do exame de lingua galega (punto II.1.1.4)

IDIOMA DOS EXAMES

Galego

Castelán

SEDE NA QUE REALIZARÁ OS EXAMES


Santiago de Compostela

Bruxelas

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE



Lugar e data					
	,	de		de	



Fundación Galicia Europa

ANEXO II

Temario do proceso

A) Parte xeral:

1. A Constitución española de 1978: título preliminar, título I artigos 10, 14, 23, capítulo IV e capítulo V e título VIII.
2. Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia: título I, título II e título III.
3. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas: título III, título IV capítulo I e capítulo IV e o título V.
4. Lei 4/2019, do 17 de xullo, da administración dixital de Galicia: título preliminar e título I capítulo I.
5. Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público: título preliminar capítulos III e IV.
6. Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico: título preliminar e título I.
7. Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia: título III, título VI capítulos III e IV e título VIII.
8. Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais: título I, título II, título III e título VIII.
9. Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia: título preliminar, título I, título II: capítulos I, II, III, IV, V e XI. Título I da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
10. Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia: Título Preliminar, títulos I, II, III e V, e Disposición adicional 2ª.
11. Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno: Título Preliminar, título I.
12. Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social: título preliminar e título I.

B) Parte específica:

1. Estatuto de autonomía de Galicia. Competencias da Comunidade Autónoma. O Goberno da Comunidade Autónoma.
2. A Xunta de Galicia e o seu presidente. O Parlamento de Galicia. Control parlamentario da acción do Goberno. O Valedor do Pobo.
3. A Administración pública da Comunidade Autónoma. Consello da Xunta. Composición e funcións. Organización e estrutura das consellerías.
4. A Administración institucional na Comunidade Autónoma galega. As corporacións de dereito público de Galicia. As fundacións de interese galego.
5. As relacións entre administracións públicas. As relacións entre o Estado e as comunidades autónomas: os mecanismos de cooperación e coordinación. O control sobre a actividade das comunidades.
6. O ordenamento xurídico de Galicia: leis de Galicia. Decretos lexislativos. Regulamentos. O réxime xurídico do exercicio das competencias autonómicas. Aplicación do dereito galego. As cláusulas constitucionais de supletoriedade e prevalencia.
7. As competencias da Comunidade autónoma galega. O marco de atribucións concedidas polos tratados. O desenvolvemento das competencias comunitarias. As relacións entre a competencia comunitaria e a competencia nacional. Participación dos entes territoriais non estatais no proceso decisorio.
8. O financiamento das CC.AA.
9. Historia da construción europea.
10. Sistema institucional da UE.
11. Prioridades actuais da UE.
12. Países membros. España na UE.
13. Perspectiva local e rexional da UE.
14. Órganos da UE.
15. O Comité das Rexións (CDR). Concepto, natureza, funcións e membros.
16. Prioridades políticas e desafíos do CDR.
17. Funcionamento e regulamento do CDR.
18. Pleno do CDR.
19. Comisións do CDR.
20. Os tratados da Unión Europea.



21. Os procesos de decisión na UE.
22. Orzamento comunitario.
23. O financiamento da UE: o sistema de recursos propios.
24. A Cohesión económica e social: os fondos estruturais e o Fondo de Cohesión.
25. A política agrícola común.
26. A política pesqueira común.
27. A política social e de emprego.
28. A competencia e a política de empresa.
29. A política de investigación e desenvolvemento da Unión Europea.
30. Transportes, enerxía e telecomunicacións.
31. A política de medio ambiente.
32. A educación, a cultura e a mocidade.
33. A política de cooperación ao desenvolvemento.
34. Participación de Galicia en Europa.
35. Emprego do galego na UE
36. Fundación Pública Galicia Europa (natureza, creación, padroado, estatutos)
37. Actividades da Fundación Pública Galicia Europa.
38. Áreas prioritarias de actuación da Fundación Pública Galicia Europa.



ANEXO III

(Nome e apelidos do aspirante)
...
con domicilio en
..., con NIF/NIE/pasaporte...,
declara, para os efectos de ser nomeado/a persoal laboral do grupo I, asesor/a técnico/a II (604PND05), que non foi despedida/o nin separada/o mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou órgano constitucional ou estatutario das comunidades autónomas, nin se atopa en situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial para o acceso ao devandito corpo ou escala.
... de
... de 20

ANEXO IV

(Nome e apelidos do aspirante)
...
con domicilio en
..., con NIF/NIE/pasaporte ...,
declara, para efectos de ser nomeada/o persoal laboral do grupo I, asesor/a técnico/a II (604PND05), que non se atopa inhabilitada/o ou en situación equivalente, nin foi sometida/o a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no Estado de
..., nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
(País e localidade) ..., de de 20....



ANEXO V

Perfil profesional do posto ofertado (ASESOR/A TÉCNICO/A II, GRUPO I)

ADSCRICIÓN: Fundación Galicia Europa (oficina Bruxelas)

CONDICIÓNS:

Área temática- Galicia na Unión Europea

Grupo profesional- grupo I

Posto- Asesor/a técnico

Retribucións- No ano 2025 o posto ten unha retribución bruta de 35.244,44 euros e un plus de expatriación de 12.252,96 euros. Estas cantidades son susceptibles das subidas o IPC, no seu caso.

Marco legal: Convenio de Oficinas e despachos da provincia da Coruña e Estatuto dos traballadores.

Perfil:

- a. Titulación universitaria superior.
- b. Formación específica e/ou experiencia en asuntos europeos.
- d. Dominio de castelán e galego
- c. Nivel medio-alto de inglés: B2 MCERL.
- f. Habilidades sociais e de comunicación, capacidade de traballo en equipo, planificación e organización e capacidade analítica e sintética (período de proba)
- g. Disponibilidade para traballar en Bruxelas.

FUNCIÓNS: Baixo a dependencia da directora da oficina da FGE en Bruxelas realizaranse as seguintes funcións:

- o Seguimento e análise de políticas europeas: manterse ao día sobre as iniciativas lexislativas, programas e fondos da Unión Europea que poidan ser relevantes para Galicia. Isto

inclúe a detección de oportunidades de financiamento, a identificación de tendencias e a avaliación do posible impacto das políticas europeas na rexión.

- Asesoramento e apoio a entidades galegas: brindar información e orientación ás entidades galegas que desexen participar en proxectos europeos, acceder a financiamento ou influír nas políticas da UE.
- Representación dos intereses de Galicia en Bruxelas: actuar como ligazón entre Galicia e as institucións europeas, participando en reunións, grupos de traballo e eventos para defender os intereses da comunidade autónoma. Isto inclúe a elaboración de informes, posicionamentos e argumentacións.
- Difusión de información sobre a UE: contribuír á sensibilización e o coñecemento dos asuntos europeos en Galicia, a través da organización de eventos, a elaboración de publicacións e a difusión de información relevante.
- Establecemento de redes e alianzas: cooperar con outras rexións europeas, organizacións e actores relevantes en Bruxelas para fortalecer a posición de Galicia no ámbito europeo.
- Organización de reunións, visitas e eventos no marco das relacións institucionais da Xunta de Galicia coa UE.
- Outras tarefas análogas correspondentes á súa categoría profesional.

DESTINO E VIAXES

Con carácter xeral o desenvolvemento das funcións realizarase na sede da Fundación Galicia Europa en Bruxelas, con independencia de que poida realizar viaxes asociadas ás funcións do posto, tanto de carácter nacional como internacional.